

## I XUNTANZA DE ALUMNADO MEDIADOR

Durante tres días alumnos e alumnas mediadores en conflitos nos centros de secundaria de Galicia conviviron, melloraron as súas técnicas, intercambiaron experiencias e analizaron a situación da mediación escolar na I XUNTANZA DO ALUMNADO MEDIADOR, celebrada en Lugo do 15 ao 18 de outubro de 2009.

Participaron na xuntanza once centros de diferentes puntos das catro provincias galegas e o IES Ramiro II de La Robla (León) como centro invitado. En total 53 alumnos e alumnas e 15 profesores ou profesoras.

Iniciouse a Xuntanza cunha sesión de xogos cooperativos, dirixidos pola compañeira Belén Piñeiro.

O acto de apertura estivo presidido polo señor alcalde de Lugo que animou aos participantes a traballar na construción dunha sociedade máis xusta e pacífica.

Mario Salvador impartiu a conferencia inaugural co título "Responsabilidade social, desenvolvemento persoal e eudemonia (felicidade)"

A **mediación en conflitos** foi o eixo desta primeira xuntanza, cun repaso ás técnicas e habilidades do mediador e das diferentes fases da mediación. Esta actividade estivo dirixida por Silvina Funes Lapponi.

Paralelamente desenvolvéronse obradoiros cun carácter máis práctico e participativo:

- **Bases para un código deontolóxico da mediación escolar**, analizouse a función dos códigos de conduta profesional, a conveniencia de contar cun código para a mediación escolar e algúns aspectos que debería incluír.
- **Psicodrama**, vivenciar a mediación e o proceso de axuda, en particular os procesos de relación e o establecemento do primeiro contacto coa persoa axudada
- **Difundir a mediación**, creación de logotipos, deseño de campañas de difusión e construción de monicreques de papel.

Houbo tempo para o ocio coa intervención do músico e contacontos Antón R. Castro, un recital poético musical de homenaxe a X. R. Jares, visita á puntos clave da historia da cidade e representación da obra de teatro "Historia dunha escaleira" de Antonio Buero Vallejo a cargo da Aula de formación teatral do Concello de Lugo

A xuntanza rematou cunha **assemblea** e posta en común na que os asistentes intercambiaron opinións, analizaron o desenvolvemento da xuntanza e formularon demandas aos responsables dos centros e da administración para a mellora dos programas de mediación.

Unha experiencia sumamente interesante, da que tanto o alumnado coma o profesorado asistentes saíron moi ilusionados e que pon de manifesto que existe unha xuventude magnífica con capacidade de asumir a responsabilidade de abordar os seus problemas cando se lles dá o tempo e o espazo necesarios e se está disposto a escoitar o que teñen que dicir.